

XUNTA DE GALICIA

MONUMENTA

Difusión do patrimonio restaurado

MONUMENTA

NOVEMBRO

DIFUSIÓN DO PATRIMONIO RESTAURADO

EN

9 de novembro ao 8 de decembro de 2013

Un programa de actividades para coñecer e gozar o patrimonio restaurado. Música, obradoiros, visitas guiadas e faladoiros que permiten achegarse, dun xeito lúdico e compartido, ás intervencións realizadas en diferentes bens culturais do territorio galego.

- CATEDRAL DE TUI** (PONTEVEDRA)
- IGREXA DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE ARMENTEIRA MEIS** (PONTEVEDRA)
- SANTUARIO DA ANGUSTIA** BETANZOS (A CORUÑA)
- MOSTEIRO DE SAN XUSTO DE TOXOS OUTOS** LOUSAME (A CORUÑA)
- IGREXA DE SANTA MARÍA DE NOGUEIRA DE MIÑO** CHANTADA (LUGO)
- IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR DE VILANOVA DE LOURENZÁ** (LUGO)
- IGREXA DE SAN MIGUEL DE OSMO** CENLLE (OURENSE)
- IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN CLODIO LEIRO** (OURENSE)
- IGREXA DA SANTA CRUZ DE TERROSO** VILARDEVÓS (OURENSE)
- IGREXA DE SAN PEDRO DE MOREIRAS** TOÉN (OURENSE)

A riqueza que nos rodea é, por fortuna, unha descuberta permanente. Ás veces, os espazos máis afastados ábrennos as portas para que deamos albiscado, no cabo dun feixe de luz concentrado, os restos dun fresco de tons encarnados ou un ollar centenario tallado nunha pedra puída polo tempo. Outras veces, esa descuberta preséntase ao pé da casa, sen irmos lonxe, entre os muros que tantos días nos acolleron sen que reparásemos na súa singularidade. Decote isto acontece tamén co traballo creativo dos que temos máis preto ou dos que con naturalidade desenvolven os seus saberes artísticos ao longo da nosa xeografía. Esta beleza e creatividade que nos é cotiá é parte da nosa riqueza colectiva e facérmonos conscientes do seu valor, do seu engado, da súa forza expresiva, é imprescindible para o noso ben colectivo.

MONUMENTA: difusión do patrimonio restaurado é un programa de actividades culturais por igrexas, mosteiros e outros edificios históricos galegos nos que se estiveron realizando diferentes restauracións de interese arquitectónico e artístico. Con este ciclo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretende divulgar algunhas intervencións executadas recentemente, para que sexan coñecidas e aproveitadas polo conxunto da cidadanía, a do propio lugar e a que teña interese por coñecer o patrimonio e a súa conservación lograda co esforzo de todos. E faino a través dunha proposta de dinamización artística destes espazos coa participación da cidadanía, para descubrir e promover colectivamente os nosos monumentos, as nosas tradicións e paisaxes como grandes referentes do patrimonio material e inmaterial de Galicia.

NOVA

ORGANIZA

galicia



AGADIC
Axeña Galega das
Industrias Culturais

XUNTA
DE GALICIA

COLABORAN





CATEDRAL DE TUI
(PONTEVEDRA)

A catedral de Santa María, que destaca polo seu aspecto de fortaleza, é o edificio máis representativo do patrimonio artístico da vila de Tui. Consagrada en 1225, a súa construción iniciábase no século XII, en pleno románico, como se ve na planta, na portada norte e na iconografía dos capiteis. A fachada principal gótica é unha das primeiras obras deste estilo realizada na Península Ibérica.

9 de novembro

17:00 **Obradoiros para familias sobre restauración: pintura, retablos e cubertas**
18:00 **Concerto acústico de Rosa Cedrón**



SANTUARIO DA ANGUSTIA
BETANZOS (A CORUÑA)

O Santuario da Angustia, de estilo barroco do século XVIII (1750), está situado na parroquia de San Pedro das Viñas. A recente renovación dos revestimentos interiores do templo contribúe á conservación deste interesante exemplo do barroco galego, no que se mestura a sobriedade estrutural e un profuso xogo de elementos xeométricos. No retablo principal, a imaxe procesional da Virxe da Angustia.

10 de novembro

12:00 **Obradoiros infantís sobre arquitectura e restauración no Liceo de Betanzos**
16:30 **Paseo sonoro coa participación dos gaiteiros Pepe Temprano e os seus Mariachis e Alfredo Erias, historiador e narrador nesta andaina** (saída desde a Estación Betanzos-Infesta ata o santuario)
18:00 **Concerto na igrexa: Pedro Lamas e Xosé Lois Romero**



IGREXA DE SAN MIGUEL DE OSMO
CENLLE (OURENSE)

A igrexa de San Miguel de Osmo é un edificio de núcleo románico fortemente transformado nos séculos XVI e XVII, incluído dentro do dominio do mosteiro cisterciense de San Clodio. Os traballos de restauración realizados na sancristía sacaron á luz dous fragmentos de pintura mural nos que se atopou un texto litúrxico en latín.

16 de novembro

16:30 **Obradoiros para familias sobre restauración de pinturas Faladoiro cos veciños e veciñas nos que se recollerán, en conversa informal, as lembranzas vinculadas ao lugar**
17:30 **Concerto da Rondalla Alfaia de Cenlle**



IGREXA DE SANTA MARÍA DE NOGUEIRA DE MIÑO
CHANTADA (LUGO)

Construída entre os séculos XII e XIII, nesta igrexa románica de Nogueira de Miño destacan as pinturas murais de influencia italiana de mediados do século XVI, realizadas ao fresco. Coa actual intervención de recuperación, o Xuízo Final que decora o muro norte do templo desvélese como un dos máis importantes ciclos pictóricos da Idade Moderna galega, que destaca especialmente pola súa orixinalidade e integridade iconográfica, así como pola súa alta calidade estilística.

17 de novembro

16:30 **Obradoiros para familias sobre restauración de pinturas Faladoiro cos veciños e veciñas, en conversa informal, sobre as lembranzas vinculadas ao lugar**
17:30 **Concerto da Coral Polifónica de Chantada**
Entrevista e diálogo coa coral a cargo de Xurxo Souto



IGREXA DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE ARMENTEIRA
MEIS (PONTEVEDRA)

A primeira referencia escrita desta igrexa data de 1162, ano no que aparece citada nos documentos oficiais da orde cisterciense. Está formada por tres naves moi simples, cubertas con bóvedas lixeiramente apuntadas. A súa singularidade baséase na combinación da austeridade arquitectónica con elementos locais de orixe mudéjar, como o ciborio cuberto cunha cúpula nervada de arcos cruzados sobre trompas. As actuacións para conserva-la céntranse na restauración da portada e do seu rosetón, así como do resto das fachadas.

23 de novembro

16:30 **Obradoiros para familias sobre as fachadas das igrexas Faladoiro con visita guiada**
17:30 **O Mosteiro de Armenteira na fita cinematográfica. Proxección do filme histórico Noticiero Folk 1932, con música ao vivo**
Sesión de contacontos, con Charo Pita, contadora e cantante



IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN CLODIO
LEIRO (OURENSE)

San Clodio de Leiro é un mosteiro da orde cisterciense fundado no século VII, cunha igrexa de estilo románico de transición. A fachada é do século XIII, dunha feitura semellante á de Meira e Armenteira. A distribución espacial interior segue a tipoloxía característica do Cister: unha planta basilical de tres naves de catro tramos, separadas por piares cadrados con columnas acaroadas nas fronteiras. Na ábsida estanse a recuperar unhas interesantes pinturas murais que conforman unha gran composición con imaxes do Xuízo Final, escenas da crucifixión de Cristo e o martirio de san Sebastián.

24 de novembro

16:30 **Obradoiros para familias sobre restauración de pinturas Visita guiada**
17:30 **Concerto acústico de María do Ceo**



MOSTEIRO DE SAN XUSTO DE TOXOS OUTOS
LOUSAME (A CORUÑA)

Fundado en 1131, foi un dos catorce mosteiros cistercienses máis importantes de Galicia ata o seu abandono no século XIX. O claustro foi vendido a un nobre que o colocou no seu pazo da Pena de Ouro, en Noia. Consérvase o seu muíño e a casa reitoral, que foron rehabilitados. A igrexa é un exemplo de sinxelo barroco rural e ao seu lado sur ficaba, ata os primeiros anos do século XX, parte dun claustro románico do século XIII.

30 de novembro

16:30 **Obradoiros para familias sobre restauración: pintura, retablos e cubertas Faladoiro cos veciños e veciñas nos que se recollerán, en conversa informal, as lembranzas vinculadas ao lugar**
17:30 **Concerto acústico de música antiga Grupo 1500**



IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR DE VILANOVA DE LOURENZÁ
(LUGO)

O mosteiro é un referente do Barroco galego que foi declarado monumento histórico-artístico no ano 1974. A construción da igrexa foi iniciada no ano 1732 e acabada polo mestre Casas Novoa (a fachada e a parte alta do interior) como ensaio da fachada do Obradoiro. Os traballos de cantería realizados recuperaron parte dos elementos ornamentais da fachada do templo, que destaca pola súa gran vistosidade.

1 de decembro

11:30 **Obradoiros infantís sobre as fachadas das igrexas**
17:00 **Performance musical e poética de UgMOV, con Ugia Pedreira e Marina Oural Villapol**

DIFUSIÓN DO PATRIMONIO RESTAURADO



IGREXA DA SANTA CRUZ DE TERROSO
VILARDEVÓS (OURENSE)

Existen indicios de que esta igrexa foi erixida no ano 1893. Situada no interior do vilar, rodeada dun adro delimitado por muros de cachote, é un templo de estilo historicista, de trazas sinxelas e amplos espazos para o culto.

7 de decembro

16:30 **Faladoiro cos veciños e veciñas sobre as lembranzas vinculadas ao lugar**
17:00 **Teatro de rúa, cunha recreación histórica do Grupo de Teatro Os Quinquilláns**
17:30 **Concerto acústico de homenaxe a Ángel Barja Iglesias a cargo dun cuarteto de corda do Conservatorio de Vigo**



IGREXA DE SAN PEDRO DE MOREIRAS
TOÉN (OURENSE)

Esta monumental igrexa rural do século XVIII, de orixe románica, conta cunha fachada de decoración barroca rematada por dúas torres desiguais de traza renacentista. No interior, trabállase na restauración do retablo de santa María, obra renacentista de gran valor patrimonial, datado arredor do século XV e situado no brazo esquerdo do cruceiro.

8 de decembro

11:00 **Obradoiros infantís sobre a restauración de retablos**
Microconcerto para campás, cuncas tibetanas e zanfona, con Ariel Ninas
12:30 **Concerto acústico de S@X 21 en formato dúo**